



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Augas de Galicia

Servizo Territorial da Zona Galicia Centro

Expediente DH.W15.86865. O Concello de Ordes solicita autorización para a execución do proxecto Reforma de la Estación de Pontraga para usos sociais y de ocio, na zona de policía do río Lengüelle, lugar Estación, parroquia Santa Mariña de Parada

SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

O Concello de Ordes solicita autorización para as obras recollidas no proxecto básico: “Reforma de la estación de Pontraga para usos sociais y de ocio” de xullo 2022, con obras situadas no concello de Ordes. Expediente DH.W15.86865.

O proxecto inclúe as seguintes intervencións, a desenvolver nas edificacións existentes e no entorno da estación de ferrocarril de Pontraga: instalación de pista de tenis cuberta, pistas de pádel cubertas, pista de Skate Park, pista multideporte, parque infantil cuberto, aparcamento de autocaravanas, aparcamento xeral, rehabilitación de antiga vivenda coma almacén de deportes náuticos, rehabilitación do antigo muíño coma vestiarios, rehabilitación dos antigos aseos públicos, instalación de rocódromo, instalación de pantalán para deportes náuticos na marxe dereita do río Lengüelle, rehabilitación do antigo taller coma sala multiusos, dotación de instalacións para a aula taller de emprego, rehabilitación do edificio principal da estación, para uso hostaleiro, administrativo e polivalente, urbanización e axardinamento exterior do entorno da estación.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, por calquera dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O expediente tramítase nas oficinas deste servizo, situado na rúa Tomiño, 16, baixo, Santiago de Compostela, onde pode ser examinado por quen o desexe no devandito prazo, previa cita no teléfono 981544927.

O proxecto obxecto da presente autorización estará dispoñible para a súa consulta na páxina web deste organismo de conca <http://augasdeg Galicia.xunta.gal>, na sección denominada participación pública.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2022 – o xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia – Jesús Antonio Manrique Merino (Sinatura dixital)

2022/5561